Clube Marítimo
Deportivo e Cultural

BREOGAN

O GROVE • Nº 34- 3º TRIMESTRE 2014
EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN
Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93
e-mail: clubbreogan@telefonica.net
www.clubbreogan.org

Resumo do 3 trimestre

Escola de Xadrez

Actividades coa ADM

Breográn equipo de elite

Xornada de captación de fondos

Resultados

GALICIA SAUDABLE

DEPORTE GALEGO

galicia

Resumo do 3º trimestre 2014

Como é habitual o 3º trimeste do ano trae consigo boa parte da actividade de piragüismo e tamén o remate da tempada, o tempo que coincide co reinicio da actividade de xadrez.
Neste número 34 do noso Boletín Informativo podemos ollar o reinicio da actividade do xadrez coas clases da Escola de Xadrez e a renovación do Taboleiro Xigante.
Tamén, entre outras cousas, amosamos as actividades nas que colaboramos xunto coa ADM, como o Campamento Deportivo de Verán ou a Carreira Popular da Festa do Marisco.
Neste número incluimos un especial sobre a "Xornada de Captación de Fondos" realizada para afrontar os gastos dos nos@s deportistas que acudiron a regatas internacionais.
E presentamos un resumen dos resultados dos equipos de piragüismo tanto a nivel nacional, autonómico e internacional; onde destaca o título de Campión do Mundo de Maratón acadado por Tono Campos.

O Grove DEPORTES

Escola de Xadrez

Como é habitual, co inicio do curso escolar, retomase a actividade da Escola de Xadrez; que segue impartindo as súas clases na aula do Pavillón de Deportes Náuticos.
Estas clases impartense os venres a partir das 17,30 h, estando a cargo de Heladio Outeiro e José M. Alvarez, sendo abertas para quen desexe asistir.
No mes de xaneiro iniciarase a Liga Galega de Xadrez nas súas distintas categorías, sendo intención de Breogán o manter os tres equipos en competición, o igual que na pasada tempada.

ACTIVIDADE NO XADREZ XIGANTE
Este verán, grazas ao repintado do taboleiro xigante sito na Praza do Corgo; pudose reiniciar a actividade do xadrez xigante, aproveitando o bo tempo.
Heladio Outeiro desprazou ata alí os rapazes para impartir as súas enseñanzas, facendo máis amena a actividade e, o mesmo tempo, facendo visible este deporte, xa que esta actividade reuneu un bo número de curiosos e persoas interesadas.

Deputación Pontevedra

Actividades coa ADM

CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN

Un ano máis estivemos colaborando no Campamento Deportivo de Verán que organizan as Concellalías de Deportes e a de Xuventude, coa colaboración da Asociación do Deporte Meco (ADM).

A asistencia nesta edición foi similar a do pasado ano, e o número de deportes a practicar pol@s asistentes aumentou con respecto a anos pasados; pois ademáis do: piragüismo, futbol, remo, balonman, baloncensto, xogos, etc. Este ano tamén tuberon unha toma de contacto co surf, futbol gaélico e outros; ampliando así a oferta deportiva de cara a que os máis pequenos o pasen ben e o mesmo tempo aproveiten o seu tempo de ocio durante as vacacións escolares.

XVII CARREIRA POPULAR FESTA DO MARISCO

Neste evento tamén estivemos presentes dentro da colaboración que presta a ADM as Concellalías de Deportes e a de Xuventude, para poñer en marcha esta carreira que chegou este ano a súa décimo séptima edición.

A pesar que estaba programada a carreira Maralva (O Grove-Cambados), non se quixo deixar atrás esta outra competición para que os rapaces e deportistas amateurs puderan poñer en “loita” as suas cualidades.

De cara o vindeiro ano, pretendese seguir organizando a Carreira Popular Festa do Marisco, pero que non coincida na mesma fin de semana que a Maralva, para dar pé a poder contar con unha maior participación.

A xunta recoñece a Breogán como equipo de élite

O equipo absoluto do Breogán resultou beneficiado polo Plan de Patrocinios dos equipos de Alta Competición de Galicia; en base aos seus resultados.
A Comisión Permanente da FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, aprobou a formalización dos convenios de patrocinio publicitarios, dentro do Plan de Patrocinio dos equipos de Alta Competición de Galicia da tempada 2013/2014 (Entidades Grupo 2).

Un total de 13 equipos de alto nivel de Galicia entraron neste plan, entre os que houbo catro equipos de piragüismo: Kayak Tudense, Club de Mar Ría de Aldán e Breogán de O Grove.
Dentro dos acordos que conleva este convenio, os clubs deberemos levar os logos de: DEPORTE GALEGO, GALICIA e GALICIA SAUDABLE.

Lotería de nadal

Non te esquezas de comprar a Lotería de Nadal que poñemos a venda dende Breogán, como xa informamos o "noso" número é o 79.671.
Xa está a venda en décimos, nos locais colaboradores habituais ou, en participacións a través dos nosos padexeir@s máis xovenes; tamén se pode conseguir acercándote o Pavillón de Deportes Náuticos.

"la Caixa"

Festa fin de actividades de verán

No último sábado de agosto organizamos unha Festa Fin de Actividades do Verán, aproveitando o pronto remate das vacacións escolares e que varios d@s nos@s deportistas non residenden en O Grove durante o inverno; xunto que esa fin de semana non tiñamos ningunha actividade.

Na festa estiveron presentes @s deportistas e os familiares que se quixeron acercar, disfrutando dunha tarde na que acompañou o bo tempo e todo o mundo pudo disfrutar.

Busqueda do tesouro, regatas, etc foron algunas das actividades que tiveron os rapaces; tamén foron moitos os familiares que se animaron a subir nas piraugas autovaciables para dar unha volta, onde non faltou algún chapuzón.

O mesmo tempo, e grazas os productos doados polo comercio de O Grove e que non tiveron saída na "Xornada de Captación de Fondos", montamos un mercadillo e fixemos varios sorteos entre os asistentes.

E para rematar, como non podía ser menos, churrascada a cargo do chef Ramón, que alongou a festa ata entrada a noite e con gañas de voltar a reunirnos o vindeiro ano.

aínda non nos segues nas redes sociais?

BREOGAN
O GROVE

@CMDCBreogan

facebook.com/BreoganGrove

clubbreogan.org

xornada de captación de fondos

O GROVE COS SEUS DEPORTISTAS INTERNACIONAIS

BREOGAN
CLUBE MARÍTIMO DEPORTIVO E CULTURAL

SÁBADO
12 DE XULLO

NO PAVILLÓN
DE DEPORTES
NÁUTICOS

DE 11:00 h.
A 20:00 h.

ESTABLECEMENTO COLABORADOR

Xornada de captación de fondo

Nesta temporada, ata catro deportistas do Breogán acadaron a súa clasificación para poder participar en Campionatos de Europa e Campionatos do Mundo. A Real Federación Española de Piragüismo decideu que moitos dos deportistas españois que acudiron a estes campionatos tiñan que sufragarse os seus gastos. Dende Breogán tratamos de que os nosos deportistas que están loitando todo o ano para chegar a estas citas, non tuberan que pagar por ir representando a súa selección.

Por elo nos puxemos mans a obra e poñendo varias iniciativas en marcha; primeiro e grazas a unha liña de axudas para desprazamentos de deportistas que sacou a Deputación de Pontevedra, presentamos as correspondentes solicitudes, estando pendentes da resposta.

Pero mentras as solicitudes a Deputación siguen os seus trámites, facíanos falta liquidez para afrontar os gastos dos viaxes, polo que puxemos en marcha a XORNADA DE CAPTACIÓN DE FONDOS, baixo lema "O Grove cos seus Deportistas Internacionais", que se realizou o día 12 de xullo, co consentimento da Comisión de Festas do Carme.

Durante este día tivemos, xurelos, empanada, algo de sardiñas e bebidas para vender ao público; tamén tibemos unha gran mostra de productos a venda e sorteos, productos que foron donados polo comercio de O Grove, onde obtivemos unha mágnifica resposta.

Tamén tivemos Festa da Espuma, Xogos Populares, paseos en piragua, actuacións dos Djs Adrian e Manuel, etc.

Cos productos donados polo comercio local e que non tiveron saída nesta xornada, duante a Festa de Fin de Actividades do Verán, tamén montamos un mercadillo e tivemos varios sorteos.

Queremos agradecer encarecidamente a colaboración recibida para levar adiante este evento, a tod@s os que dunha maneira ou doutra puxeron un grao de área para sacar esto adiante. GRACIÑAS.

ELESMA
INSTALACIÓNS
Luis A. Mestre,76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960
www.elesma.com

HABITAT

Decoración

Pablo Iglesias, 40 • Telf. 986 73 32 03
36980 O GROVE

Colaboradores da xornada na captación de fondos

Restaurante O Cruceiro
Centro de Fisioterapia Mascato & Portela
Centrol del Automovil Hortos
Cafetería Domínguez
Habitat
AMR Comunicación
Ferretería Kinito
Efectos Navales O Mar
Tienda Manantiales de La Toja
Comercial Noya
Elesma Bike
Cafetería Marquesina
Restaurante O Xoto
Essencial Home
Artesa
A Optica de Ana
Bazar Ferredomi
Calzados CYC
Frutería La Cosecha
Tecnolar
Joyería Romay
Pastelería Payca
Kucadas
Paco Fino
Optica Osiris
Joyería Fernández
Casa Abel
Panadería Besada
Carmen Varela
Muebles Justo
Regalos Belomar
Pub Fous
Panadería Chaves
Taberna A Traiña
Asociación Praza de Abastos de O Grove
Adega Agro Vello
Cardy Joyero
Bambú
Pan e Máis
Electrón
Concellalía de Deportes.
Concellalía de Xuventude.

Beiramar, 54 O GROVE • Telf. 986 73 15 92

Resultados nacionais

Este ano tivemos a varios deportistas competindo en regatas nacionais mentras o resto do equipo acudia a outras regatas; presentándonos en máis regatas que outros anos.

XLVIII Descenso do Bidasoa, celebrouse o 13 de xullo, onde estivo presente o C-2 senior formado por Adrian Fernandez e Pedro Areal, que acadaron a 1ª posición.

O 20 de xullo tivo lugar 41 Regata Internacional de Sanabria, onde estiveron presentes sete dos nosos padexeiros, e todos eles subiro o pódium. Adrian Fernandez e Miguel Fernandez impoñianse na C-2 senior, mentres que Sami Grigore e Tino Rodríguez Borja Meis facianse coa 2ª posición no C-2 xuvenil, igual clasificación acadou Adrian Ribademar no C-1 cadete.

O rio Lérez o seu paso por Pontevedra, acolleu a Copa de España de Maratón, disputada os días 2 e 3 de agosto, onde presentamos nove deportistas formando oito barcos. Os resultados non foron os agardados, contando con un fora de control, unha averia nun timón e un abandono; con só cinco embarcación entrando nos puntos, rematamos no posto 21 por clubs. Onde destacaron os sextos postos de Laura Garcia no K-1 muller senior e, o de Adrian Ribademar no C-1 cadete.

Entre Arriondas e Ribadesella, como é habitual dende hai 78 anos; celeboruse o Descenso Internacional do Sella, onde contamos con tres en competición. Pedro Areal foi 3º no C-1 senior, mentras que Miguel Fernandez e Adrian Fernandez proclamabanse Campión na categoría C-2 senior. Esta embarcación C-2 estiveron presentes o día seguinte na Re-

VICTOR OTERO PROL

ARAG Especialistas en Seguros de Defensa Jurídica

Allianz

Asesoría Fiscal e Contable •
Asesoría Laboral •
Sociedades •
Administración de Fincas •
Mediador de Seguros Colexiado •
Especialista en Seguros de Vida Aforro e Inversión •

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra

gata Internacional de Villaviciosa, onde voltaron a imponerse con claridade.A regata máis importante a nivel nacional das que tomamos parte neste 3º trimestre do ano, foi o Campionato de España de Pista Senior, Sub 23 e Xuvenil, disputado en Trasona-Asturias, entre o 15 e o 17 de agosto.A actuación dos nosos deportista foi moi boa, rematando na 6ª posición por clubs; e cadando sete medallas a nivel individual.

Diego Romero faciase co Ouro no C-1 1.000 m.; Tono Campos foi Prata no C-1 500 m.; Rut Otero rematou Campiona no K-1 muller veterana 1.000 m.; no C-2 Tono Campos e Diego Romero facianse con dous Ouros (500 e 1.000 m.); sendo Campións de C-4 1.000 m. Tono Campos, Diego Romero, Adrian Fernandez e Miguel Fernandez. A K-4 muller senior sobre 200 m., formada por as irmáns Garcia Naveiro (Natalia e Laura), Rut Otero e Sara Bravo, proclamaronse Subcampionas de España.

PROMOCIÓN NACIONAL

Neste período de tempo, acudimos o Campionato de España de Xovenes Promesas 1.000 m., que se celebrou en Verducido os días 26 e 27 de xullo.Onde presentamos un equipo formado por 29 padexeir@s (3 cadetes e 26 infantís), que se meteron nun total de doce finais (3 finais A, 5 finais B e 4 finais C); chegando ata o posto 16º por clubs.

Destacou a Medalla de Bronce do C-4 infantil de: Tomas Benavides, Camilo Ortiz, David Conde e Eloi Ochoa.

Resultados galegos

PISTA GALEGA

Verducido acolleu o día 12 de xullo o Campionato Galego de Pista Invididual, onde acudimos con un equipos con varias baixas. Os nosos padexeir@s acadaron un total de 5 medallas; Natalia Garcia impoñiase na categoría muller senior, tanto en 500 como en 200 m. A súa irmán Laura, faciase coa prata nos 200 m. e co bronce nos 500 m.

Pola súa banda, Simón Díaz proclamabase Campión Galego en K-1 veterano nos 1.000 m.

O 9 de agosto, co mesmo escearío, tivo lugar a segunda parte deste campionato, coa celebración do Campionato Galego de Barcos de Equipo. Tendo de novo diversas baixas, co que o resultado final sumadas as dúas partes deste galego de pista, foi un 8º posto por clubs. Que non amosa o verdadeiro nivel do noso equipo durante este temporada, pero as circunstancias impediron que estivesen tod@s @s nosos deportistas nesta competición. Nesta 2ª parte do galego de pista, acadaronse catro medallas, e todas elas, da man das mulleres senior. As irmáns Natalia e Laura Garcia, facianse con ouro no K-2 500 m e coa patra nos 200 m.; nesta distancia, Tania Alvarez e sara Bravo, colgabanse o bronce. A cuarta medalla veu da man do K-4 muller senior 500 m., formado por: Tania Alvarez, Sara Bravo, Rut Otero e Amanda Alvarez.

RIOS GALEGOS

O L Descenso do Miño o seu paso por Tui, foi a regata máis destacada dos ríos galegos, a esta regata acudimos con nove padexeir@s, non obtendo un bo resultado por clubs. A nivel individual destaca a actuación de Tono Campos e Diego Romero, que se impuxeron no C-2 senior e, Adrian Ribademar que gañou no C-1 cadete.

Tres palistas tivemos o 24 de agosto no

Segem
GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

XXIX Descenso do Tambre, e os tres subiron o podio: Diego Romero gañou o C-1 senior, sendo segundo, Tino Rodríguez; mentras que Rut Otero tamén era segunda no K-1 muller seinior.
A última das regatas galegas foi o XLVIII Descenso do Sil no Barco de Valdeorras, onde tivemos a representación a cargo de Pedro Areal, que foi o gañador do C-1 veterano.

PROMOCIÓN GALEGA
A cateogría infantil e a que participa na Liga Galega de Promoción, e na que obtivemos moi bos resultados por clubs, como o Campionato Galego de Infantís (Boiro) sobre 3.000 m., ou o Subcampionato Galego de Infantís de Pista (Verducido).
Movemos máis de vinte deportistas, destacando as medallas acadadas no Galego de Pista, Bronce para o C-2 de Tomas Benavides e Eloi Ochoa e Prata para o K-4 muller infantil "B" con: Natalia Romero, Antia Soutullo, Lucia Lamas e Maria Vila.

PROVINCIAL ALEVÍNS E BENXAMÍNS
Nestas categoría tivemos un importante número de padexeiros, pero a hora de competir contamos con numerosas baixas; polo que simultaneamos o acadar o Campionato Galego destas categorías; con acadar na 4ª posición en regatas provinciais.
Destacando as actuacións a nivel individual de: Carme Devesa, Valeria e Yolanda Oliveira, Lorena Moldes, Lucia Devesa, etc.

KAIAK DE MAR
O 25 de xullo disputouse a 5º Regata da Liga Galega de Kaiak de Mar-I Copa Sipre. A K-2 muller senior de Rut Otero e Sara Bravo acadaron a 1ª posición; o igual que o K-2 cadete de Edu da Silva e Adrian Otero e o K-1 home senior tradicional de Tino Rodriguez. Simín Diaz foi 3º no K-1 home veterano tradicional.

Cabanas acolleu o Campionato Galego de Kaiak de Mar (6ª regata da liga). Edu da Silva e Adrian Otero gañaban no K-2 cadete o igual que Tino Rodriguez no K-1 home senior tradicional. Daniel Mourelos foi Prata no K-1 infantil, e Simón Díaz foi Bronce no K-1 home veterano tradiconal.

Tono Campos campión do mundo

Os días 28 e 29 de setembro, celebrouse en Oklahoma (EEUU) o Campionato do Mundo de Maratón, onde Tono Campos fixose co título de Campión do Mundo no C-1 senior e, co título de Subcampión do Mundo no C-2 senior.

O sábado Tono disputaba a regata individual, facendo unha explendida actuación, estando na cabeza da proba dende o principio ata o final. No último porteo deulle un tirón o húngaro que lle fixo compaña durante a regata, para irse só cara a meta e facerse así co seu segundo título mundial nesta modalidade.

No seguinte día, participou xunto con José M. Sánchez (Betanzos), na proba do C-2, na que tamén estiveron dominando durante boa parte da mesma, pero nesta ocasión foron os húngaros os que se foron a falla dunha volta e se impuxeron, acando o barco de Tono a segunda posición.

Tono Campos amosou unha vez máis ser un dos maiores especialistas mundiais nesta especialidade, non en vano, con estas dúas medallas acadadas en Oklahoma, Tono suma un total de dez medallas en Campionatos do Mundo de Maratón.

Resultados internacionais

CAMPIONATO DE EUROPA DE PISTA SENIOR (Brandemburgo-Alemaña).

Tono Campos e Diego Romero, despois de moitas discusións coa RFEP, foron os representantes españois no C-2 1.000 m. neste Europeo, porque así o gañaran na auga.

Con un campo de regatas con vento e ondas, fixeron un campionato de menos a máis e chegados ata a semifinal, lograron acadar o pase o Final A, que era o obxetivo marcado.

Xa na final, fixeron unha moi boa actuación, con unha saida lenta, pero remontando pouco a pouco ata alcanzar unha magnífica quinta posición final, a tan só 8 décimas do podio.

CAMPIONATO DO MUNDO DE PISTA SENIOR (Moscu-Rusia).

Tono e Diego presentaronse en Moscu coa intención de loitar pola difícil empresa de meterse na Final A, cousa que finalmente non sucedeu.

Despois de disputar a semifinal máis difícil, pasaron a Final B, onde debían loitar por acadar un dos tres primeiros postos, para estar dentro das becas ADO, que lle aseguran unha mellor preparación de cara a vindeira temporada.

Fixeron a final como e a súa costume, de menos a mais e quedaronse a milésimas do obxetivo, na tirada final non acadaron o terceiro posto, tendose que conformar con unn 4º posto; que significa unha mellor clasificación que o ano anterios e que este C-2 sigue mellorando. De feito dende a RFEP veñen de recoñecelos como obxetivo prioritario de cara os Xogos de Rio 2016.

VIAJES
VIABUSTRAVEL
XG-PO 321
MAYORISTA - MINORISTA
C/ Sineiro, 20 - A Bajo | 36980 O Grove (Pontevedra) • Tel. 986 73 23 36 | Fax. 986 73 39 64
www.viabustravel.es